

Foise Dionisia López Amado, a Nai da Praza de Maio galega

O seu fillo, Antonio, leva desaparecido dende maio de 1976.

Débora Campos - 19:16 30/11/2008

[Data de descarga: 05/01/2021]



Dionisia López Amado, integrante galega das Nais da Praza de Maio, **faleceu este sábado ás 19 horas** como consecuencia dunha peritonite que se complicou con outras doenzas, logo dunha longa vida de loita polos dereitos humanos na procura do seu fillo Antonio que foi secuestrado e desaparecido polo exército arxentino no mes de maio do ano 1976.

Os seus compañeiros da Comisión pola Memoria, a Verdade e a Xustiza de Zona Norte comunicaron a triste nova: "Dionisia López Amado partiu a reunirse cos seus queridos Antonio e Stella. Deixounos como despedida a súa presenza constante na Comisión pola Memoria, a Verdade e a Xustiza da Zona Norte, da que é Presidenta Honoraria, nas súas últimas actividades, coa súa enerxía, entusiasmo, coraxe e determinación militante. Foise tranquila coa conciencia do deber cumprido, co agarimo da súa familia que lle deu a alegría dos netos e unha bisneta, aínda que non tivo xustiza para o seu fillo e a súa nora, soubo por innumerables bocas

que non haberá volta atrás, que as Nais e Avóas, os Familiares, Fillos e Irmáns non deixarán que esa páxina cruel da nosa historia quede no esquecemento".

Natural de Cedeira, nacera no ano 1928 e chegou á Arxentina co seu home e o fillo de cinco meses no ano 1952 polo medo dunha posible terceira guerra mundial no continente europeo. Vintecatro anos despois non foi a guerra a que lle quitou ao fillo senón unha dictadura xenocida que se espallou pola Arxentina e -con outras formas, todas parecidas- polo continente todo.

"Ás once e media da noite chegaron á casa do meu fillo camións do Exército repletos de soldados. Golpearon a porta. ¡Abran, carajo, es la policía! Non lles deron tempo a abrir. Metrallaron a porta. Colleron ao meu fillo e á miña nora en camisón e descalza. Tapáronlles a boca e atáronos con arames. Botaron un colchón nun camiión e tumbáronos. Leváronos aos cuarteis de campo de Mayo. O meu fillo tiña unha ideoloxía, pero non tiña que ver coa guerrilla. Aínda que preferiría que morrese por loitar no que cría", narrou Dionisia diante do xuíz Baltasar Garzón sobre a desaparición do seu fillo Antonio Díaz López e a súa dona Stella Maris na noite do 15 de maio do ano 1976.

Puido quedar na casa, chorando a súa dor. Pero non o fixo. Lembraba diante dos medios galegos hai dous anos: "Algúnhas nais quedaron na casa chorando, eu levei a miña loita á rúa. Houbo nais que descargaron no odio, eu descarguei coa loita". Dionisia foi integrante das Nais da Praza de Maio -[entre as que era coñecida como "a galega da zona norte"](#)- e ademáis foi fundadora da Comisión de Familiares de Desaparecidos Españoles, e presidenta honoraria da Comisión pola Memoria, a Verdade e a Xustiza de Zona Norte.

"Non sinto odio porque o odio non deixa pensar, nin razonar nin amar e eu quero darlles moito amor aos meus netos e á miña bisneta", dicía. [Unha muller, un exemplo.](#)

